



centro dramático galego

T E M P O R A D A 2 0 0 7 _ 0 8

A temporada da cidadanía

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

2007-2008

A temporada da cidadanía

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 572 Fax 981 570 541
centro.dramatico.galego@xunta.es
www.centrodramatico.org

ÍNDICE

Centro Dramático Galego. <i>A temporada da cidadanía</i>	3
1. Producción propia	4
1.1. <i>Noite de Reis. Ou o que queirades</i>	4
1.2. <i>Valdemuller</i>	8
1.3. <i>DramA3</i>	11
2. Coprodución. <i>Cascuda</i>	13
3. Programación do Salón Teatro	15
4. Centro de Creación Dramática Contemporánea. <i>O teatro do futuro</i>	18
5. Servizos á cidadanía	24
6. Espazos CDG. <i>O teatro próximo</i>	27

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

A temporada da cidadanía

A nova temporada do Centro Dramático Galego (CDG) preséntase cun ambicioso programa de producións que seguen as liñas de actuación da temporada pasada iniciadas pola nova dirección: o desenvolvemento dun repertorio dramático contemporáneo, o apoio á produción de espectáculos para todos os públicos e a clara aposta pola dramaturxia galega.

Mais nesta temporada, alén do xa feito en anteriores campañas, queremos espallar o discurso dramático do CDG por todo o país atendendo a uns criterios de acceso á cultura, entendendo as producións do CDG como un servizo público teatral, baseado na proximidade, na exhibición e na fluidez da transmisión da información.

Deste xeito, materialízase unha temporada 2007-2008 para o goce de toda a cidadanía, desde os máis pequenos ata os maiores. Unha temporada que foi concibida como un conxunto global de propostas para satisfacer as necesidades do público galego.

1. PRODUCCIÓN PROPIA

1.1. *NOITE DE REIS. OU O QUE QUEIRADES.*

Autoría	William Shakespeare
Dirección	Quico Cadaval
Elenco	Rebeca Montero, Borja Fernández, Simone Negri, Marcos Correa, María Bouzas, Susana Dans, Marcos Orsi, Xan Cejudo, Xosé Manuel Olveira (<i>Pico</i>), Víctor Mosquera, Bernardo Martínez, Suso Alonso, Mon
Meritoria de producción	Marta Lago
Escenografía	Baltasar Patiño
Vestuario	Gilda Bonpresa
Dirección musical	Bernardo Martínez
Deseño da iluminación	Baltasar Patiño
Maquillaxe	Dolores Centeno
Caderno pedagóxico	Gálix

Estrea: 28 de setembro de 2007 no Salón Teatro

Remate da xira: 20 de xaneiro de 2008

Ábrese o pano da temporada cun grande espectáculo e cun duelo de altura entre dous dramaturgos de excepción separados polo tempo: Quico vs. William.

Sinopse: Sebastián e Violeta, irmáns xemelgos, naufragan ante a costa de Iliria. Violeta consegue chegar case sen vida á praia coa axuda de Festas, bufón da corte do duque Orsino. Ela cre que Sebastián morreu. Vestida de home e facéndose pasar por un paxe novo co nome de Cesario, pasa a servir na corte do duque Orsino, que está "poética, apaixonada e desesperadamente namorado" da aflixida Lady Olivia, que o rexeita continuamente. Orsino utiliza a Cesario como confidente e como mensaxeiro para declararlle o seu amor a Olivia pero Cesario —Violeta, en realidade— comeza a namorarse de Orsino mentres que Olivia, pola súa parte, se namora do mensaxeiro, que é Cesario.

William Shakespeare

William Shakespeare naceu en Stratford-upon-Avon en 1564 e alí morreu en 1616. Coñecido como o Bardo de Avon, é considerado o escritor máis destacado da lingua inglesa e un dos máis célebres da literatura universal. As súas pezas dramáticas están traducidas a multitude de idiomas e represéntanse en todo o mundo. A súa obra é tal que moitas das súas personaxes aínda son obxecto de cuantiosos estudos. Unha das características máis salientables é a profunda e complexa definición psicolóxica das súas personaxes.

Casou con Anne Hathaway en 1582; tres anos máis tarde estableceuse como actor en Londres e uniuse ao grupo teatral The Chamberlain's Men, renomeado máis tarde como The King's Men, cos cales actuaría en The Globe Theater.

A publicación en 1593 do seu poema *Venus e Adonis*, moi ben acollido nos ambientes literarios londinienses, foi un dos seus primeiros éxitos. Da súa produción poética posterior cabe destacar *A violación de Lucrecia* (1594) e os *Sonetos* (1609), de temática amorosa e que por si sós o situarían entre os grandes da poesía anglosaxoa.

Con todo, foi a súa actividade como dramaturgo o que deu sona a Shakespeare na época. A súa obra, en total catorce comedias, dez traxedias e dez dramas históricos, é un exquisito compendio dos sentimentos, a dor e as ambicións da alma humana. Tras unhas primeiras tentativas en que se transparenta a influencia de Marlowe, antes de 1600 apareceron a maioría das súas «comedias alegres» e algúns dos seus dramas baseados na historia de Inglaterra como *Enrique VI, Primeira, Segunda e Treceira parte* (1590-1592) e *Ricardo III* (por volta de 1593). Destaca sobre todo a fantasía e o sentido poético das comedias deste período, como en *Soño dunha noite de verán* (1594).

No ano 1595 publica *Romeo e Xulieta*, a súa obra máis popular e unha das máis representadas. A partir de 1600 Shakespeare publica as grandes traxedias e as chamadas «comedias escuras». Os grandes temas son tratados nas obras deste período cos acentos máis cobizosos, onde o tráxico xorde sempre do detalle realista ou do penetrante tratamento psicolóxico da personaxe, que induce o espectador a identificarse con el: así, *Hamlet* (1601) reflicte a incapacidade de actuar ante o dilema moral entre

vinganza e perdón; *Otelo* (1602), a crueldade gratuíta dos celos; e *Macbeth* (1607), a cruel tentación do poder. Outras obras importantes desta etapa son: *Xulio César* (1600), *O rei Lear* (1605) e *Antonio e Cleopatra* (1606).

Nas súas últimas obras, a partir de 1608, cambia de rexistro e entra no xénero da traxicomedia, a miúdo cun final feliz no cal se entrevé a posibilidade da reconciliación, como sucede en *Pericles* (1608) ou en *A tempestade* (1611). Shakespeare publicou en vida só 16 das obras que se lle atribúen; por iso algunhas delas posiblemente se terían perdido de non publicarse (poucos anos despois da morte do poeta) o *Folio*, volume recompilador que serviría de base para todas as edicións posteriores.

Quico Cadaval (Ribeira, 1960)

Actor, director e adaptador teatral, foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galiza na década dos noventa. Aprendeu a contar contos desde moi neno grazas a unhas vellas que se encargaron de transmitirle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai.

Comezou na interpretación teatral entre finais dos setenta e mediados dos oitenta. Tamén fundou a súa propia compañía: O Moucho Clerc. Para o Centro Dramático Galego dirixiu as pezas *Como en Irlanda* (1996) e *O ano do cometa* (2004).

Na súa faceta de dramaturgo produciu os textos *Un códice clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses, *O rouxinol da Bretanha* sobre BD de Hugo Pratt, *A caza do snark*, sobre o poema de Lewis Carrol, *Se o vello Simbad volvese ás illas* e *O ano do cometa* (ambos os dous romances homónimos de Álvaro Cunqueiro), *Rapatú*, do conto popular europeo “A sogra do diablo”, ou *Espantoso!!!*, que foi premiado co María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002.

Traballou en diferentes producións da TVG así como en curtas e longametraxes. Continúa a traballar no audiovisual como actor e como guionista. Foi profesor de interpretación de *Operação Triunfo* en Portugal (2003).

1.2. VALDEMULLER

Autoría: X. Neira Cruz

Dirección: Pablo Vergne

Estrea: febreiro de 2008

No panorama das artes escénicas actuais hai marxes en que as producións, tanto públicas coma privadas, non afondan. Os espectáculos de monicreques son un produto que segue a ser residual nas programacións e sempre asociados a espazos exteriores ou a programacións menores. Por outra banda, pola suposta dificultade de entendemento co público, tamén están noutra marxe as producións dirixidas a un público adolescente.

Mesturar estes dous criterios como punto de partida —adolescencia e monicreques— para unilos nun espectáculo é unha tarefa ousada que o CDG emprende coa seguridade de que é un teatro público quen debe impulsar este tipo de discursos arriscados para impulsar a actividade escénica nestas marxes.

A tradición de monicreques galega unida á experiencia e ao discurso estético de Pablo Vergne, un auténtico mestre das montaxes de monicreques, aseguran un traballo orixinal, necesario e de moi boa factura.

Sinopse: Minia fai quince anos e está a preparar a celebración habitual na súa familia, aínda que non de moi bo gusto. A sorte fai que algúns dos tópicos da festa sufran certos cambios involuntarios como o acontecido co elegante traxe que lle tiñan preparado. Un agasallo misterioso é o desencadeante dunha investigación. Minia recibe un colgante en forma de estrela ante o cal toda a súa familia experimenta un certo nerviosismo. A rapaza, pouco e pouco e coa axuda da súa tía Olga, vai descubrindo os segredos que agocha o galano e as historias que oculta a súa familia. Emprende unha viaxe cara a Valdemuller, o lugar en que reside a súa tía-avoa Estrela e, á vez que descobre o que significa ser unha "filla da lúa", experimenta un proceso de autocoñecemento e maduración que a axudarán a continuar a súa vida desde outra perspectiva.

Xosé A. Neira Cruz (Compostela, 1968)

É un dos autores de libros dirixidos a público infantil e xuvenil máis relevantes do panorama galego actual. En 1989 obtivo o Premio Merlín por *Ó outro lado do sumidoiro* (1989), o seu primeiro libro publicado. Logo apareceron outros como *Melanio e os paxaros* (1990) e *Os gatos de Venecia* (1993). Gañou en dúas ocasións o premio Barco de Vapor con *Valdemuller* (1998), texto traducido a varias linguas, e *Os ollos do Tangaleirón* (2000). Entre a súa produción atopamos títulos como *O armiño dorme* (2005), ou *A memoria das árbores* (2000), que inaugura unha nova e orixinal colección onde a literatura infantil e a música van collidas da man; ademais, a recuperación da literatura popular está presente en *O home máis rico do mundo* (2001), *A caixa do tesouro* (2001) e mais *O xenio do sultán* (1998).

O seu traballo divulgador da nosa tradición literaria entre os nenos e mozos combina a información rigorosa coa amenidade da peneira literaria e a imaxinación nas biografías dalgúns dos principais escritores da literatura galega de todos os tempos. Comezou cos volumes da serie "Así viviu": *Así viviu Rosalía* (Xerais 1996); *Así viviu Castelao* (Xerais 1996); *Así viviu Paio Gómez Chariño* (Xerais 1997); *Así viviu Ánxel Fole* (Xerais 1996). E en 1998, co gallo do Día das Letras Galegas dedicado a Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas, publica nunha edición institucional espléndida para primeiros lectores as correspondentes introducións lúdicas ao tempo e obra dos xogares: *Rumbo á Illa de S. Simón (Mendiño)*, *Caramelos Martín Codax* e *Xograr Cangas e asociados*.

Licenciado en Filoloxía Italiana e en Ciencias da Información, actualmente é responsable das coleccións "*Árbore*" e "*Costa Oeste*" da Editorial Galaxia e, ademais de colaborar en diversas publicacións periódicas, dirixe a revista de literatura infantil e xuvenil "Fadamorgana".

Pablo Vergne

Director e manipulador de monicreques, os seus espectáculos teñen unha presenza cada vez maior no panorama do teatro infantil tanto de España coma do estranxeiro, sendo representados en prestixiosas programacións de Europa, Asia e América.

Os seus traballos caracterízanse por un estilo singular que combina tradición e innovación, economía de medios e máxima expresividade, exploración de materiais e reciclaxe de obxectos, procura de novas linguaxes escénicas e complicidade co público no feito teatral.

Os seus últimos traballos —*El Gato Manchado y la Golondrina Sinhá e Animales*— recibiron, xunto coa súa compañía El Retablo, numerosos premios internacionais. Con estes dous espectáculos realizou xiras polos Estados Unidos, Francia, Italia, Portugal, Corea do Sur, China, Israel, Brasil, Arxentina, Croacia, Bélxica, Holanda, Suíza, India e Hong Kong.

El Gato Manchado y la Golondrina Sinhá participou na programación infantil do Piccolo Teatro de Milán.

1.3. **DRAMA3**

Coordinación do proxecto e dirección: Dani Salgado

Autoría: Rubén Ruibal, Jacobo Paz e Vanesa Sotelo (autores residentes do CDG nesta temporada 2007-2008)

Estrea: maio de 2008

A renovación ética e estética de calquera sistema literario ou teatral pasa por que aqueles que veñen por detrás rachen co establecido, por que o novo supere o vello. Na sociedade actual, dada a velocidade con que se move a información e a necesidade capitalista de crear novos produtos para vender, estes procesos son constantes e están apoiados polas propias institucións. Calquera cultura punteira no contexto europeo autocuestiónase de xeito permanente.

DramA3 é iso, é o cuestionamento do establecido; é o ascenso ao poder das xeracións máis novas; é a busca da purga intelectual.

Guiados e dirixidos por Dani Salgado, Vanesa Sotelo, Rubén Ruibal e Jacobo Paz como representantes da xeración de dramaturgos do porvir, crearán unha unidade de traballo que ao longo dun ano irá confeccionando un espectáculo que servirá para reivindicar o novo teatro galego.

Dani Salgado (Ourense, 1974)

Autor e director teatral, estreouse no teatro profesional a cabalo entre Galicia e Barcelona. Rematou os estudos de Interpretación no Instituto de Teatro e das Artes Escénicas do Principado de Asturias e, posteriormente, licenciouse en Dirección e Dramaturxia no Institut del Teatre de Barcelona, onde preparou o Doutoramento en Artes Escénicas. Na actualidade é profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Cando aínda era estudante de último curso no Institut del Teatre, acadou unha bolsa para novos autores, o proxecto T-6, que implicaba a montaxe do texto no Teatre Nacional de Catalunya. O seu traballo titulouse *El clavicèmbal* (2002) e dirixiuno Lourdes Barba. Tamén presentou un *Macbeth* de peto no xa desaparecido Teatre Malic de Barcelona. Logo preparou unha serie de ensaios abertos no Teatre Lliure de Barcelona sobre Wittgenstein, Warhol, Pessoa e Camus e no ano 2004 provocou e sorprendeu coa parodia *Porno*, que foi estreada no Teatre Lliure e obtivo unha excelente acollida crítica.

Para o CDG foi axudante de dirección en *O ano do cometa*, a obra que Quico Cadaval dirixiu en 2004.

2. COPRODUCCIÓN

Como centro de apoio e creación dramática, o CDG desenvolve un programa de coproducións que intenta apoiar aqueles proxectos artísticos que non teñen actualmente unha saída comercial moi grande mais conteñen unha proposta artística e de investigación de alto nivel.

CASCUDA, DE DIEGO ANIDO

Autoría, dirección e interpretación: Diego Anido

Estrea: maio de 2008

Diego Anido é un dos creadores galegos máis relevantes dos últimos anos; o seu discurso artístico rompe coas fronteiras das disciplinas escénicas convencionais para elaborar propostas escénicas en que a danza, o teatro, a *performance* e a música van da man para consolidar espectáculos totais e de alto nivel.

Ao longo da historia da literatura, os insectos foron empregados como referentes á hora de simbolizar todo tipo de condutas humanas. Por exemplo, a mosca relaciónase coa putrefacción, o insistente retorno do vicio que o acosa a un, a perversión, a morte...

As cascudas chamaron a atención do noso creador por dous aspectos: o desprezo, a falta de amor a que son sometidos estes animais e a capacidade que teñen de descubrir lugares, de instalarse e observar a vida humana desde os lugares máis secretos e subterráneos dun mundo ao cal nunca poderemos acceder.

O proceso de creación levarase a cabo de xaneiro a maio de 2008 entre Barcelona e Compostela. Asemade, en febreiro desenvolveranse entrenamentos abertos para o público no Salón Teatro.

Diego Anido (A Coruña, 1976)

Diego Anido tivo o seu primeiro contacto coa escena no teatro universitario e na compañía Nut Teatro. Formouse na escola Espacio Aberto de Santiago, combinando os seus estudos con cursos de *clown*, *performance*, mimo, bufón e danza contemporánea. Traballou de modelo publicitario e *performer* para outros artistas actuando en diversos espazos e desenvolvendo a súa faceta musical na desaparecida Taxi Driver, ao tempo que mantivo as súas colaboracións coas Ultranoites da sala Nasa e na Festa do Circo. Reeducouse en anti-ximnasia e entrou en contacto con outras técnicas corporais actuais.

No ano 2004 estrea en Galicia o seu primeiro espectáculo en solitario, *Paperboy*. Ese mesmo ano trasládase a Barcelona, desenvolvendo o seu traballo teatral orientado ao movemento, ao teatro-danza e ao Butoh (unha técnica teatral de danza xaponesa). Entra a formar parte como residente da Plataforma Artística Areatangent, onde desenvolve varios proxectos, entre os cales figuran a súa segunda peza en solitario, *O Alemán* (2006) e a triloxía *Autopsia* (Compañía Sr. Serrano).

Na actualidade traballa nos proxectos *San Vito* (Compañía Rara Avis) e *Europe is living a celebration* (Compañía Sr. Serrano).

3. PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO

A programación do CDG complétase durante todo o ano no Salón Teatro cunha ampla oferta de espectáculos de calidade, xurdidos de propostas novas que non son propias dos circuítos habituais das programacións máis convencionais. O teatro para adultos e para nenos e nenas, a danza, as *performances*, o circo e a música contemporánea compoñen unha atractiva, completa e actual visión das artes escénicas europeas de actualidade no ámbito dunha sala pública.

Co obxectivo de favorecer o encontro co máis amplo espectro de espectadores posible (unha das principais metas do Centro Dramático Galego), á hora de deseñar e xestionar a programación do Salón Teatro para toda esta nova temporada tívose en conta a todo tipo de públicos: adulto, infantil e familiar, aos cales se quere ofrecer unha serie de propostas de calidade e interese, non soamente a nivel local, senón de toda Galicia.

> 28 de setembro-21 de outubro

Teatro

Centro Dramático Galego: *Noite de Reis. Ou o que queirades* de W. Shakespeare, dirixido por Quico Cadaval

Función de estrea: día 28 de setembro, ás 21.00 h.

Funcións de mércores a domingo até o 21 de outubro: mércores e xoves ás 11.00 h. (para institutos); venres e sábado ás 20.30 h. e domingo ás 18.00 h.

> 23-27 de outubro

Feira de Teatro de Galicia

> 29 de outubro - 1 de novembro

Residencia Técnica Berrobambán para o espectáculo *Boas Noites*

> 2 de novembro

Teatro- Estrea

Berrobambán (Galicia): *Boas Noites*, de Paula Carballeira

Obra galardoada co I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2006

> 3 - 18 de novembro

Cineuropa

(Todos os días excepto mércores 7 e xoves 8)

> 8 de novembro

Centro de Creación Dramática Contemporánea: *Lectura dramatizada*

> 24 e 25 de novembro

Teatro

Teatro do Atlántico (Galicia): *A bombilla máxima*, de Woody Allen

Sábado ás 20.30 h. e domingo ás 18.00 h.

> 1 e 2 de decembro

Teatro

Áncora Teatro (Galicia): *Medidas preventivas*, de Gustavo Pernas Cora

Sábado ás 20.30 h. e domingo ás 18.00 h.

> 15 e 16 de decembro

Teatro

Compañía dos actores (Brasil): *Seagull-Play/Gaviota*

Sábado ás 20.30 h. e domingo ás 18.00 h.

> 20 e 21 de decembro

Danza

Companhia Paulo Ribeiro (Portugal): *Malgré nous, nous étions là*

Coreografía e interpretación: Paulo Ribeiro e Leonor Keil

21.30 h.

> 22 e 23 de decembro

Circo

Pistacatro (Galicia): *Kamikaze*

Creación colectiva

Sábado ás 20.30 h. e domingo ás 18.00 h.

> **26-30 decembro**

Teatro

Semana de Teatro Infantil

Mércores 26 Pistacatro (Galicia): *Kamikaze*

Venres 28 Compañía de música teatral (Portugal): *Andakibebé*

Sábado 29 Galitooon (Galicia): *Goula*

Domingo 30 Sapristi (Galicia): *O son das cousas*

Todas as funcións ás 19.00 h.

4. CENTRO DE CREACIÓN DRAMÁTICA CONTEMPORÁNEA

O teatro do futuro

A partir da anterior temporada 2006-2007, o CDG abriu nun dos seus espazos do Salón Teatro o **Centro de Creación Dramática Contemporánea** (CDC).

O CDC nacía así para prestarlles apoio aos creadores na súa exploración de novas linguaxes dramáticas, tanto textuais coma xestuais. Hoxe é un espazo predisposto a abrir camiños na creación escénica que nos leven a contactar con outras disciplinas artísticas para promover un diálogo interdisciplinar, necesario para a renovación.

Entre os obxectivos do Centro de Creación Dramática Contemporánea cómpre destacar:

- O fomento do intercambio de coñecementos e a apertura dos nosos creadores a outras experiencias escénicas no ámbito nacional e internacional.
- O apoio a proxectos de investigación en novas linguaxes escénicas.
- O apoio a proxectos de investigación en novas linguaxes escénicas que teñan en conta a utilización das novas tecnoloxías como elemento central.
- O achegamento a outras disciplinas artísticas que hoxe comezan a estar ligadas ás artes escénicas.

4.1. PISTAS PARA UNHA DRAMATURXIA DA ACTUALIDADE II

Santiago de Compostela (Salón Teatro), novembro 2007-maio 2008

Director: Cándido Pazó

Nesta temporada 2007-2008 ímoslle dar continuidade ao obradoiro de dramaturxia que comezou na temporada pasada. Seguindo o modelo anterior, o obradoiro ten como obxectivo que os/as alumnos/as poidan crear un texto dramático ao longo dos meses en que se realiza a actividade, de novembro a maio.

Como na primeira edición, a función do director do curso, Cándido Pazó, será a de coordinar os proxectos dos asistentes ao laboratorio, así como convidar dramaturgos nacionais e internacionais para que en estancias de máximo cinco días impartan

obradoiros de creación dramática. Nesta ocasión, os profesores convidados son Yolanda Pallín, Jacinto Lucas Pires e Patrick Lerch.

O curso está estruturado ao longo de seis meses, durante os cales se impartirán catro obradoiros de 15 horas de duración cada un e se propiciarán encontros con autores e directores. Asemade, contaremos cun seguimento regular do traballo por parte do director do curso para revisar o nivel de desenvolvemento dos traballos.

O curso está dirixido a persoas con experiencia ou con formación probada nas artes escénicas (no campo amador ou profesional). O número de asistentes será de 10 a 12, sen límite de idade, que serán seleccionados previamente polo seu currículo ou presentando un texto breve (máximo de 10 folios).

Cándido Pazó (Vigo, 1960)

Autor, director de escena, narrador oral e actor, Cándido Pazó inicia a súa actividade de actor en 1975 como parte do nacente movemento teatral galego, sendo un dos benxamíns das xeracións xurdidas arredor da histórica Mostra de Ribadavia. Na súa formación non regulada cómpre salientar o seu paso pola École Philippe Gaulier de París, que deixará fonda pegada na súa obra. Logo dunha primeira etapa como actor e axudante de dirección en varias compañías, debuta como autor e director con *O merlo branco* (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil, 1989), representada polo seu grupo Tranvía Teatro.

Como director habitual de Ollomoltranvía, asina o seu traballo máis célebre, *Commedia, un xoguete para Goldoni*, montaxe de *commedia dell'arte* recoñecida cos premios Compostela 93 ao Mellor Espectáculo, Mellor Dirección e Mellor Actor Protagonista, así como cos premios ao mellor espectáculo outorgados pola Crítica del País Valencià (1994) e pola Asociación Independiente de Teatro de Alicante (1995).

Entre outros dos moitos espectáculos dos que foi autor ou director destacan *Raiñas de Pedra*; *Nau de Amores*, a partir de textos de Gil Vicente e producido polo CDG; *Nano*, monólogo sobre textos da novela *Tic Tac* de Suso de Toro (Premio María Casares 98 á Mellor Adaptación, Mellor Dirección e Mellor Actor); *O bululú do linier* (Premio María Casares 2000 ao Mellor Texto Orixinal); *Miedo Escénico* (con outros autores, estreado en 2001 en Madrid por Yacer Teatro); *Imaginar, ni dormir ni roncar* (con outros autores, estreada en 2001 en Valencia por La Caixeta); *ÑikiÑaque* (Premio Max 2002 ao Mellor Texto Orixinal en Galego), *Binomio de Newton*; *Bicos con lingua*, con outros autores (María Casares 2004 ao Mellor Texto Orixinal); e *García* (María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal).

Foi un dos dramaturgos seleccionados para o Maratón Europeo da Creación Teatral do programa da Capitalidade Cultural Europea de Bruxelas 2000, no cal escribiu *O último roedor*, estreada polo grupo belga *Canadair* baixo a dirección de Alain Wathieu. Canto á narración oral, alén das súas constantes actuacións en locais especializados, ten participado en numerosos festivais en España, Portugal e América Latina e imparte un seminario anual sobre “a oralidade no actor” na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto.

4.2. A ESCENA AUMENTADA: GALICIA. DRAMATURXIA, COREOGRAFÍA E LINGUAXES DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL INTERACTIVA

En colaboración co Centro Coreográfico Galego e coa Vicerreitoría de Extensión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela

Proxecto de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I)

Santiago de Compostela (Salón Teatro), novembro 2007- novembro 2008

Directores: Rosa Sánchez e Alain Baumann [Kònic Thtr]

Cofinancia: Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

A Escena Aumentada: Galicia é un laboratorio de I+D+I dirixido por Kònic Thtr que pretende estudar a relación da escritura escénica coas linguaxes audiovisuais. Unha experiencia interdisciplinar que intercala a instalación e a *performance* e busca a relación entre movemento, palabra, vídeo, son e datos dixitais xestionados en escena a tempo real.

Ten os seguintes obxectivos inscritos no ámbito do sector cultural de Galicia:

- Facilitar o acceso dos profesionais do ámbito das artes escénicas ás novas tecnoloxías para achegar a súa innovación e incorporación ao contexto cultural europeo de I+D.
- Facilitar o proceso de tecnificación e dixitalización do sector cultural, particularmente das artes escénicas galegas.
- Interconectar a comunidade cultural de Galicia nos fluxos globais da nova cultura.
- Dotar de recursos e coñecemento os profesionais galegos que traballan en proxectos interdisciplinares.
- Proporcionar/desenvolver ferramentas audiovisuais e interactivas para aplicarlas á escritura escénica e coreográfica no contexto da Galicia contemporánea.
- Investigar e desenvolver novas linguaxes.
- Establecer un ámbito interdisciplinar onde directores de escena, intérpretes, coreógrafos, teóricos, artistas audiovisuais, músicos e tecnólogos poidan compartir procesos e aplicacións para xerar un corpo de coñecemento compartido e crear pezas escénicas cun valor artístico engadido.

O curso está dirixido a persoas con experiencia ou con formación probada nas artes escénicas dentro das especialidades de dirección de escena, dramaturxia, coreografía, deseño de iluminación, deseño de espazo sonoro e escenografía. Tamén se abre o curso a especialistas en informática e novas tecnoloxías interesados/as nas artes escénicas e a artistas multidisciplinares.

O número de asistentes será de 10 a 12, sen límite de idade, seleccionados previamente polo seu currículo.

Kònic thtr [Rosa Sánchez e Alain Baumann]

Rosa Sánchez e Alain Baumann son os impulsores da liña conceptual, creativa e tecnolóxica de Kònic Thtr. Comezan a súa colaboración en 1990 baixo este *nickname* e desde entón contan cunha longa traxectoria profesional en relación coa investigación sobre as novas tecnoloxías. De feito, a prensa especializada recoñéceos como un colectivo pioneiro na presentación de instalacións e *performances* intermedia na escena internacional.

Especializáronse na creación de proxectos artísticos que incorporan sistemas de tempo real: proxectos expositivos e escénicos que implican na súa realización ás tecnoloxías interactivas, as linguaxes audiovisuais e multimedia, a música, a *performance* ou a danza. Este traballo de estudo, á súa vez, intercalárono coa organización de laboratorios nos cales imparten/comparten os seus coñecementos. Así, ambos os dous desenvolven actividades de formación e investigación destinadas a diversos sectores profesionais, entre os que se inclúen todos aqueles coreógrafos, directores de escena, intérpretes, artistas visuais, músicos, informáticos, especialistas en electrónica, arquitectos ou teóricos interesados en experiencias escénicas que utilizan novas tecnoloxías.

A formación de Rosa Sánchez (artista multidisciplinar e multimedia, *performer* e coreógrafa) e a de Alain Baumann (músico, artista multimedia e investigador de novos sistemas para producir son) fai posible o carácter multidisciplinar dos seus proxectos, que abranguen *performances*, instalacións plásticas e escenografía.

A súa traxectoria vén avalada pola participación en numerosos festivais e eventos multimedia, en espazos tan prestixiosos como o Institute of Contemporary Arts (ICA) de Londres, o Centro Nacional de las Artes de México DF ou o Museo de Arte Contemporáneo de Barcelona (MACBA).

5. SERVIZOS Á CIDADANÍA

O CDG, como referente escénico do país, quere incentivar o achegamento á actividade escénica, e para isto deseñou unha serie de servizos que pretenden apoiar a actividade escénica de base e achegar as producións do teatro público galego a toda a cidadanía independentemente de onde se sitúe no territorio do país.

A continuación explicamos de forma sintética e sinxela en que consisten estes novos servizos.

5.1. Servizo de préstamo de atrezzo

Poñerase a disposición das entidades solicitantes o fondo dispoñible de atrezzo do CDG.

> Condições:

- O préstamo terá unha duración limitada dun mes.
- O préstamo estará suxeito á dispoñibilidade do fondo de atrezzo no momento do pedimento.

> Trámite:

- Deberase cubrir a folla de pedimento correspondente para a concesión do préstamo indicando os elementos que se precisan.
- O CDG examinará o fondo e en 15 días emitirá unha proposta de préstamo axeitada ao pedimento.
- Co acordo de ambas as partes efectuarase o préstamo.
- Devolverase o préstamo dentro das datas indicadas.

> Duración do servizo:

- De outubro de 2007 a xuño de 2008.

5.2. Servizo de asesoramento profesional

Poñerase a disposición das entidades un profesional do sector que se desprazará a cada sede da entidade coa intención de servir de apoio e asesoramento profesional nas seguintes actividades:

- Participación en foros, mesas de debate, coloquios etcétera como profesional do sector.
- Asesorar desde unha perspectiva profesional en montaxes ou aulas de artes escénicas de tipo formativo.

> Condições:

- O servizo de asesoramento terá un límite de dúas xornadas por entidade asesorada.
- O servizo de asesoramento non poderá ser utilizado por persoas individuais ou por entidades con fins lucrativos.

> Trámite:

- Cumprimentarase o formulario correspondente indicando o tipo de asesoramento solicitado, as datas en que se pretende realizar e as características do grupo en que se vai realizar o asesoramento.

> Duración do servizo:

- De outubro de 2007 a xuño de 2008.

5.3. Viaxe ao teatro

Axudaremos a organizar visitas á sede do CDG, o Salón Teatro de Compostela, asesorando sobre cal é a peza ideal para poder ver segundo as características dun determinado grupo.

Ofreceremos visitas guiadas gratuítas polo Salón Teatro e xenerosos descontos para grupos. De igual maneira, asesoraremos para organizar viaxes en grupo a calquera dos Espazos CDG.

> Condições:

- O grupo mínimo suxeito a desconto é de 10 persoas.

> Trámite:

- O trámite será telefónico ou por correo electrónico.

> Duración do servizo:

- De outubro de 2007 a xuño de 2008.

5.4. Xornadas técnicas

Para ver como é unha xornada de traballo nun teatro profesional, como funciona por dentro e como se leva a cabo unha montaxe dun espectáculo de envergadura.

> Condições:

- As xornadas, por cuestións de operatividade, estarán limitadas a dúas persoas por xornada.

- O servizo está limitado ás persoas que se ocupen dos aspectos técnicos das entidades solicitantes.

> Trámite:

- Encher o formulario correspondente indicando o nome da persoa que sería beneficiaria.

- Poderase ver como é unha xornada de traballo nun teatro profesional, como funciona por dentro e como se leva a cabo unha montaxe dun espectáculo de envergadura.

> Duración do servizo:

- De outubro de 2007 a xuño de 2008.

* Como beneficiarse dos servizos:

Poderase beneficiar de cada servizo indistintamente sempre e cando sexa en favor dunha actividade relacionada coas artes escénicas e dirixida a un colectivo sen fins lucrativos.

6. ESPAZOS CDG

O teatro próximo

O CDG, como servizo público de creación e difusión dramática en colaboración cunha serie de departamentos de cultura dos correspondentes concellos, pon en marcha os **Espazos CDG**. Esta iniciativa nace como unha forma de distribución das pezas do CDG baixo uns criterios de continuidade e accesibilidade para todos os espectadores do país. Por unha banda, queremos garantir o acceso próximo ás propostas artísticas do CDG, e pola outra, converter a estadía do CDG en cada comarca nunha gran festa, na festa do teatro, do teatro de todos os galegos.

Para acadar estes obxectivos, desenvolveremos unha serie de accións e intervencións dirixidas non só a dar difusión das producións do CDG, senón tamén a facer difusión das artes escénicas e axudar a atraer e consolidar un público comarcal para cada un destes espazos:

- Pequeno espectáculo promocional, que se representará en espazos non convencionais como mercados, prazas, casas da cultura... co obxectivo de atraer e difundir as representacións do CDG e, por extensión, achegar o teatro á vida cotiá da xente.
- Distribución de materiais informativos.
- Plóter informativo das funcións do CDG no teatro.
- Campaña e rolda de prensa específica para os medios locais a cargo do departamento de prensa do CDG.
- Inclusión da imaxe corporativa do teatro na cartelería do CDG como teatro colaborador nas producións.

Mapa dos Espazos CDG



A Coruña. Teatro Rosalía de Castro

A Mariña: Ribadeo, Burela. Auditorio Municipal de Ribadeo

Ferrol. Teatro Jofre

Narón. Auditorio Municipal

O Barco de Valdeorras. Teatro Lauro Olmo

Ourense. Teatro Principal

Pontevedra. Pazo da Cultura

Santiago de Compostela. Salón Teatro

Tui. Teatro Área Panorámica

Vilagarcía de Arousa. Auditorio Municipal

Vigo. Centro Cultural Caixanova



 centro
dramático
galego

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM | instituto galego
das artes escénicas
e musicais

 SALONTEATRO

 TEATRO GALEGO